



MUNDO CLÁSICO II: ROMA




"O panadeiro Terentius Neo e a súa esposa cunha tableta, retratados na súa casa en Pompeia" (Eloquence, PDM 1.0)



ÍNDICE

MUNDO CLÁSICO II: ROMA

1. ROMA.....	1
1.1 Marco xeográfico: o Lacio.....	1
1.2 Etapas históricas de Roma.....	2
1.2.1 Monarquía (s. VIII-VI a. C.).....	2
1.2.2 República (s. VI-I a. C.).....	2
1.2.3 Imperio (s. I a. C.-V).....	3
<i>Exercicios</i>	5
1.3 Organización política, sociedade e economía.....	5
1.3.1 Organización política.....	5
1.3.2 Sociedade.....	6
1.3.3 Economía.....	7
<i>Exercicios</i>	7
1.4 O legado romano.....	8
1.4.1 Arte.....	8
1.4.2 Relixión.....	9
1.4.3 Outras achegas culturais.....	9
<i>Exercicios</i>	10
SOLUCIÓN.....	11



1. ROMA

1.1 Marco xeográfico: o Lacio

O berce da civilización romana atópase na **península itálica**, na rexión do **Lacio**, nas beiras do río **Tíber**. Nun territorio pantanoso do Lacio, rodeado de outeiros e habitado polos **latinos**, estableceuse un poboado na Idade de Bronce que, co tempo, deu lugar á cidade de **Roma**, cara ao s. VIII a. C.



"Mapa etnolingüístico de Italia na Idade de Ferro, coa localización dos latinos"
(Dbachmann, CC BY-SA 3.0)


1.2 Etapas históricas de Roma

1.2.1 Monarquía (s. VIII-VI a. C.)

- Cun carácter máis ben lendario, Roma foi inicialmente unha monarquía na cal se sucederon sete reis.
- Os catro primeiros reis eran latinos e os tres seguintes etruscos (un pobo veciño dos romanos). Unha revolta provocou a expulsión do último rei etrusco, acusado de tirano, no 509 a. C. (s. VI a. C.), e a chegada dunha **república**.

1.2.2 República (s. VI-I a. C.)

- O Goberno da república era dirixido anualmente por dous maxistrados, os **cónsules**, elixidos por unha asemblea de cidadáns e baixo a supervisión do **senado** (un consello supremo formado por exmaxistrados).
- Na república, Roma iniciou unha **expansión territorial** ao contar cun poderoso exército formado por cidadáns cuxa unidade fundamental era a **lexión**.
- Primeiro dominou a península itálica. Logo venceu nas **guerras púnicas** a **Cartago** (unha cidade-Estado do norte de África), que rivalizaba con Roma polo dominio do Mediterráneo occidental.
- Con esta vitoria, Roma dominou as costas africanas do Mediterráneo e iniciou a conquista da península ibérica.
- A continuación, os romanos expandíronse pola península balcánica chegando ata Asia, onde conquistaron os reinos helenísticos.
- Na fase final republicana, Xulio César conquistou a Galia (actual Francia).
- Ao tempo, agravouse a situación política cando algúns maxistrados loitaron polo poder nunha guerra civil. Desta confrontación saíu vitorioso **Xulio César** e foi nomeado **ditador perpetuo**, é dicir, un maxistrado que gobernaba Roma de xeito permanente. A ameaza que supuña para a República a ditadura perpetua de César provocou que un grupo de senadores o asasinase.




"Lexionarios
romanos na
república" (Jastrow,
dominio público)

1.2.3 Imperio (s. I a. C.-V)

- **Octavio** venceu noutra guerra civil aos conspiradores que asasinaron o seu parente Xulio César.
- Dono da situación, Octavio concentrou o poder político, militar e relixioso na súa persoa, inaugurou o **principado**, tamén coñecido como o **imperio**.
- No s. II d. C. Roma chegou á súa máxima expansión territorial cos emperadores de orixe hispana **Trajano** e **Hadriano**.
- No s. III d. C. o imperio sufriu unha fonda crise, polo que o emperador **Diocleciano**, para mellorar a administración e a defensa, o dividiu en dúas partes.
- Co emperador de orixe hispana **Teodosio**, no ano 395, a división do imperio xa foi definitiva entre:
 - O **Imperio Romano de Occidente**, con capital en **Roma** (máis tarde en **Rávena**). A principios do s. V diversos pobos (denominados **bárbaros** polos romanos), a maior parte xermanos, cruzaron o Rin e fundaron reinos en territorio imperial. No 476, un destes monarcas xermanos destronou o emperador **Rómulo Augusto** e desapareceu o Imperio Romano de Occidente.
 - O **Imperio Romano de Oriente**, con capital en **Constantinopla** ou **Bizancio** (actual **Istambul**). Este imperio perdurou ata o 1453, cando os turcos otománs conquistaron Constantinopla.



"Busto de Trajano"
(Bibi Saint-Pol,
dominio público)





"A conquista romana da península itálica"
(Rowanwindwhistler, CC BY-SA 4.0)




"O Imperio Romano cara ao ano 125, nos tempos do emperador Hadriano" (Andrein, CC BY-SA 3.0)



EXERCICIOS

Exercicio 1

Traballa con este texto adaptado do historiador romano de orixe grega Plutarco:



"Busto de Xulio César" (Ángel M. Felicísimo, CC BY 2.0)

«Pero foi a súa suposta aspiración á realeza o que lle granxeou a Xulio César o odio máis patente e mortífero, converténdose a dita aspiración no primeiro motivo de queixa para a masa e no mellor pretexto para quen eran os seus inimigos na sombra. Por outra banda, os interesados en conferirlle o dito honor difundiron entre a plebe certo rumor no sentido de que, segundo unha profecía, os romanos poderían apoderarse no Próximo Oriente do imperio dos partos, se marchaban contra eles na compañía dun rei».

Fonte: Plutarco, *Vidas Paralelas*, VI, LX, editorial Gredos.

- Quen foi Xulio César?
- Por que pensas que, durante a república, era negativo que Xulio César fose asociado coa figura dun rei e coa idea de restaurar a monarquía?
- Relaciona a fin da república romana e a chegada do imperio coa ambición de César, e o posterior ascenso de Octavio ao poder.


Exercicio 2

Explica a fin do Imperio Romano.

1.3 Organización política, sociedade e economía

1.3.1 Organización política

- Na **monarquía**, unha **assemblea de cidadáns** elixía o rei por proposta do **Senado** (un Consello de Anciáns), formado polos membros das familias máis poderosas de Roma. Unha vez no trono, o monarca concentraba grandes áreas de poder con funcións de goberno, militares...
- Na **república**, o Goberno de Roma estaba dirixido por dous **cónsules** (maxistrados de alto rango elixidos anualmente) que actuaban de xeito colexiado auxiliados por maxistrados de rango inferior. Porén, nun complexo xogo de poder, os cónsules estaban sometidos ás **assembleas de cidadáns**, que elixían os maxistrados e votaban as



"O emperador Octavio" (Joel Bellviure, CC BY-SA 4.0)

leis, e á supervisión do **Senado**, que tiña gran protagonismo na política exterior e ratificaba as leis aprobadas polas asembleas.

- **No imperio, Octavio Augusto** organizou un sistema en que o **emperador**, concentraba os distintos poderes da república (político, militar e relixioso).

1.3.2 Sociedade

A sociedade romana organizábase con base en dous grupos sociais:

- a) **Cidadáns:** había grandes diferenzas segundo a riqueza. A elite social estaba formada polos **patricios** (considerábanse os descendentes dos primeiros habitantes de Roma), unha minoría que concentraba o poder económico e político. Pola contra, o resto dos cidadáns integraban a **plebe**, que, inicialmente, apenas interviña na política máis aló de asistir e votar nas asembleas controladas polos patricios.


Mais, pouco a pouco, o crecente descontento da plebe fixo que acadaran algúns dereitos como, por exemplo, o de elixir dous maxistrados que defendesen os seus intereses: os **tribunos da plebe**. Tamén conseguiron que se promulgasen **leis escritas** (a Lei das XII táboas), xa que daquela o dereito romano aínda non estaba rexistrado por escrito, o que daba lugar a abusos por parte dos patricios que dominaban a xustiza. Con todo, entre os **plebeos** había grandes diferenzas económicas, pois algúns lograron facer fortuna e acabaron formando un grupo social propio, os **equites** ou **cabaleiros**, intermedio entre os patricios e a plebe común.

As **mulleres** romanas, aínda que tiñan a cidadanía e puidesen pertencer ao patriciado, carecían de dereitos políticos, polo que non podían votar nas asembleas nin desempeñar maxistraturas. Estaban sometidas á tutela dun home (pai, marido...); xuridicamente, o *pater familias* (pai de familia) era a máxima autoridade da unidade familiar. Porén, a muller romana tiña certa liberdade para traballar nun oficio, administrar un negocio ou patrimonio, ou desempeñar algunhas funcións relixiosas.

- b) **Non cidadáns:** colectivo formado por **estranxeiros libres**, que non tiñan dereitos políticos, e os **escravos**, que legalmente se consideraban obxectos (*res*) case sen dereitos.

Durante a República as desigualdades entre patricios e plebeos aumentaron. Isto debeuse a que os patricios foron os principais beneficiarios das conquistas de Roma

Sabías que...?



Relevo funerario do liberto Aulo Plautio Anteros e da liberta Oppia Myrsine (Roma, s. I a.C.). Museo nazionale romano a palazzo Ateneo.



Un escravo podía conseguir a liberdade de dúas formas: sendo manumitido polo seu amo (como recompensa) ou aforrando cartos (*peculium*) e mercando a súa liberdade.



Unha vez liberado, o escravo pasaba a ser un liberto e tiña certos dereitos: traballar, gañar cartos, casar e ter fillos...



Porén, non tiña dereitos políticos (non podía votar nin ser elixido), e debía manter certos deberes co seu antigo amo, como respectalo ou axudalo. Os fillos dos libertos, iso si, eran cidadáns romanos plenos.

aumentando as súas riquezas e o número de escravos que empregaron para traballar nas súas terras. Mentres, os campesiños empobrecéronse por dúas razóns principais: por ter que loitar en guerras longas e porque non podían competir coas explotacións agrarias dos patricios, que usaban man de obra escrava.

Esta inestabilidade provocou graves conflitos. No s. II a. C. os **irmáns Graco** (Tiberio e Caio), tribunos da plebe, tentaron sen éxito introducir reformas (repartición de terras entre a plebe, limitación da superficie máxima das grandes explotacións...) que beneficiaban os plebeos, mais fracasaron e perderon a vida. Tamén houbo revoltas de escravos como a que liderou o gladiador (loitador armado que se enfrontaba a outros gladiadores ou feras en espectáculos públicos) **Espartaco** no s. I a. C., que tamén fracasou.

1.3.3 Economía

A economía de Roma, igual ca na maior parte das sociedade antiga, era **agraria**. A agricultura baseábase no cultivo de cereais, oliveira e vide, e na **gandaría** salientaban a cría de ovellas, porcos, vacas, cabalos... Outros sectores eran a **minaría** (ouro, prata, cobre, ferro, chumbo...), a **producción alimentaria** (elaboración de aceite, viño, salga...) e a **artesanía** (cerámica, vidro, ourivaría, tecidos...). Moitos produtos eran obxecto dun intenso **tráfico comercial** terrestre e marítimo entre os territorios baixo control de Roma; por exemplo, o aceite da península ibérica era moi apreciado en Roma e o trigo exipcio garantía a seguridade alimentaria da capital do imperio.



EXERCICIOS



Exercicio 3

Cal era a situación das mulleres na sociedade romana?

1.4 O legado romano

1.4.1 Arte

- **Arquitectura:** as construcións romanas recolleron a influencia grega (por exemplo, as ordes arquitectónicas), aínda que crearon unha arquitectura propia engadindo ordes como a *toscana* (de orixe etrusca) e a *composta*. Empregaban o **arco** e a **bóveda**, e como material construtivo, o mármore, a pedra e un material similar ao formigón.

Ademais de **templos** inspirados nos gregos, o pragmatismo romano deixou construcións civís como **acuedutos** (grandes canalizacións para levar auga), **termas** (baños públicos), **anfiteatros** (edificios para espectáculos), **circos** (circuítos para carreiras de carros ou cabalos), **basílicas** (edificios para comerciar ou administrar xustiza), **arcos de triunfo** e **columnas** conmemorativas ou **calzadas** (unha rede de estradas que conectaban os territorios dominados por Roma).



"Acueduto de Segovia" (Bernard Gagnon, CC BY-SA-3.0)



"Coliseo" (Featuredpics, CC BY-SA-4.0)



"Arco de triunfo de Constantino" (Nikon Z7II, CC BY-SA-4.0)

- **Escultura:** na escultura tamén é patente a influencia grega, con todo, en liñas xerais, búscase o **realismo**; unha tendencia presente tanto nos **retratos escultóricos** como nos **relevos** que amosan acontecementos importantes, por exemplo o *Ara Pacis Augustae* (Altar da Paz Augusta) é un monumento erixido en tempos de Octavio á deusa da Paz, decorado con relevos que presentan con gran detalle, entre outras figuras, a familia imperial.



"Relevo do Ara Pacis" (Miguel Hermoso Cuesta, CC BY-SA-3.0)

- **Pintura:** sobresaí a **pintura mural** (para decorar os muros de vivendas, tumbas ou edificios públicos) conservada en **Pompeia**, cidade do sur de Italia destruída pola erupción do volcán Vesubio no 79 d. C.
- **Mosaico:** é unha técnica artística que emprega pequenas pezas cerámicas de distintas cores chamadas **teselas**, que forman figuras xeométricas ou escenas da vida cotiá, mitolóxica, militar... A súa función era decorar o chan ou as paredes dos edificios.



"Mosaico romano achado en Panxón, (Nigrán)" (Ricardo Blanco-Cicerón e Eladio Oviedo, dominio público)

1.4.2 Relixión

Os romanos eran **politeístas** (crían en moitos deuses). Tiñan **deuses domésticos** protectores do fogar (lares), da despensa (penates) e espíritos dos antepasados (manes). Por outra banda, había un panteón (conxunto de deuses) romano de influencia grega e etrusca no cal Xúpiter era o deus supremo e, no imperio, iniciouse o culto ao emperador logo de morrer.

Co paso dos séculos, as conquistas de Roma incorporaron o culto a outras divindades como a deusa Cibeles. Mais a relixión que maior pegada deixou foi o **cristianismo**, unha relixión monoteísta (crenza nun único deus) xurdida en Palestina durante a época imperial da man de **Xesús de Nazaret**, crucificado polas autoridades romanas, acusado de proclamarse Mesías, é dicir, fillo de Deus e salvador da Humanidade.



"Xesús de Nazaret como o Bo Pastor nas Catacumbas de San Calixto" (Jacque, dominio público)

A mensaxe de Xesús foi espallada polos seus discípulos por todo o imperio, malia as persecucións promovidas por diversos emperadores. A súa ampla difusión na sociedade romana foi tal que primeiro se tolerou o seu culto co Edicto de Milán no 313 e logo acabou por se converter na **relixión oficial do imperio polo Edicto de Tesalónica, emitido polo emperador de orixe hispana Teodosio no ano 380.**

1.4.3 Outras achegas culturais

Os diferentes pobos sometidos por Roma adoptaron lentamente a súa cultura nun proceso chamado **romanización**. Ademais do xa apuntado no eido artístico e relixioso, a lingua dos romanos, o **latín**, acabou impoñéndose sobre a maior parte da poboación nalgúns territorios controlados por Roma, por exemplo, en Hispania, a Galia ou Romanía, dando lugar ás linguas romances. Outras importantes contribucións foron o **dereito**, base fundamental do dereito de moitos países occidentais, ou a extensión do fenómeno do **urbanismo**.

A literatura romana, influenciada pola grega, desenvolveu xéneros propios e contou con grandes autores que plasmaron os costumes e o pensamento da súa época. Na poesía épica sobresaí **Virxilio** coa *Eneida*, onde relata a orixe mítica de Roma. Na poesía lírica,



Horacio e **Sulpicia**, a única poetisa da que se conserva obra. No teatro, **Plauto** e **Terencio** escribiron célebres comedias. En Historia, **Tito Livio**, autor de *Ab urbe condita* (*Dende a fundación da cidade*) e **Tácito**. A oratoria, ou arte de falar en público, ten en **Cicerón** o seu representante máis sobranceiro. E, en filosofía, o hispano **Séneca**, autor de grande influencia.



EXERCICIOS

Exercicio 4

Verdadeiro ou falso? Xustifica a túa resposta no caso de ser falso:

- a) Os acuedutos eran canles para transportar auga.
- b) A escultura romana caracterízase polo seu idealismo e afastamento da realidade.
- c) Inicialmente, os romanos eran monoteístas, é dicir, crían nun só deus.
- d) O latín, a lingua dos romanos, deu orixe ás linguas romances.



SOLUCIÓN

Exercicio 1

- a) Foi un militar e político romano durante a República. César tivo importantes éxitos militares (a conquista da Galia). No eido político, tras vencer os seus opoñentes nunha guerra civil, acadou o control do goberno de xeito permanente como ditador perpetuo. A ameaza que supuña para a República tal concentración de poder, provocou que un grupo de senadores asasinase a César.
- b) Porque, tempo atrás, a república nacera logo de que unha revolta derrubase a monarquía en Roma expulsando o rei etrusco, ao consideralo un tirano. Por iso, como menciona o texto, para os seus opoñentes, con César, Roma volvería ter unha monarquía.
- c) Co asasinato de César, Octavio venceu os conspiradores que asasinaran o seu parente noutra guerra civil. Octavio, na procura da estabilidade, concentrou o poder político, militar e relixioso de Roma na súa persoa, inaugurando unha nova forma de goberno: o imperio.

Exercicio 2

Logo da división definitiva, no ano 395, do imperio en dúas partes: Imperio Romano de Occidente e Imperio Romano de Oriente; o Imperio Romano de Occidente desapareceu coas invasións de pobos bárbaros (a maior parte eran xermanos) que formaron reinos nos territorios do imperio; un dos seus monarcas depuxo o último emperador no 476. O Imperio Romano de Oriente rematou en 1453 coa conquista dos turcos.

Exercicio 3

A muller romana carecía de dereitos políticos (non podía votar nin desempeñar maxistraturas). Estaba sometida á tutela dun home (pai, marido...). Xuridicamente, o *pater familias* (pai de familia) era a máxima autoridade da familia. Porén, a muller podía traballar nun oficio, administrar un negocio ou patrimonio, ou desempeñar funcións relixiosas.

Exercicio 4

- a) Verdadeiro.
- b) Falso, en liñas xerais, a escultura romana caracterízase polo seu realismo.
- c) Falso, inicialmente, os romanos eran politeístas, é dicir, crían en varios deuses.
- d) Verdadeiro.